

**EXPEDIENTE:** 2022/E001/000003 (Relacionado con 2022/E001/000014)

**ASUNTO:** OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACIÓN DO ANO 2022. AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

**TRÁMITE:** RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA CORRECCIÓN ERRO ADVERTIDO NA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 549/2023 DE DATA 27/09/2023 DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, GRUPO I NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDA NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022.

Advertidos erros na Resolución da Alcaldía núm. 549/2023 de data 27/09/2023, relativa á aprobación da lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dunha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, grupo I no marco do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do ano 2022.

Ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos

En uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Corrixir os erros advertidos na Resolución da Alcaldía 549/2023 de data 27/09/2023, relativa á aprobación da lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dunha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, grupo I no marco do proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Dodro, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do ano 2022, de xeito que:

Onde di:

"APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Rodríguez Domínguez, María Elisabet	***227***	Si	Admitida"

Debe dicir:

"APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Domínguez Rodríguez, María Elisabet	***227***	Si	Admitida"

E onde di:

**"Segundo.-** Designar ao tribunal cualificador que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

*Titular: María Fernanda Montero Parapar, secretaria-interventora do Concello de Catoira*

*Suplente:*

(...)"

Debe dicir:

**"Segundo.-** Designar ao tribunal cualificador que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

*Titular: María Fernanda Montero Parapar, secretaria-interventora do Concello de Catoira*

*Suplente: Rosario Ríos Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois*

(...)"

A redacción definitiva da citada Resolución da Alcaldía é a seguinte:

**"EXPEDIENTE:** 2022/E001/000003 (Relacionado con 2022/E001/000014)

**ASUNTO:** APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS, DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, GRUPO I NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE DODRO, INCLUÍDA NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022.

**TRÁMITE:** RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente que se tramita no Concello de Dodro para a cobertura mediante o sistema de concurso de méritos dunha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Dodro (publicada no BOP núm. 102 do 31/05/2022 e no DOG núm. 103 do 31/05/2022). As bases foron aprobadas por Resolución da Alcaldía número 675/2022 de 30 de decembro de 2022 e pola Resolución da Alcaldía número 6/2023 de 17 de xaneiro de 2023, de corrección de erros.

O anuncio e as bases xerais e específicas da convocatoria, foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o luns 23 de xaneiro de 2023 (BOP núm. 15) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

O anuncio da convocatoria dos procesos selectivos, polo sistema de concurso, correspondentes as prazas de estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 13 de marzo de 2023 (DOG núm. 50).

No Boletín Oficial do Estado publicouse a "Resolución de 15 de marzo de 2023, del Ayuntamiento de Dodro (A Coruña), referente a la convocatoria para proveer varias plazas"

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa base 3ª, referida os requisitos das persoas aspirantes, e a base 5ª, referida á presentación de solicitudes, das bases xerais e tendo en conta as bases específicas da praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dunha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, grupo I no marco do proceso de estabilización de

emprego temporal do Concello de Dodro, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do ano 2022.

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Domínguez Rodríguez, María Elisabet	***227***	Si	Admitida

**Segundo.-** Designar ao tribunal cualificador que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: María Fernanda Montero Parapar, secretaria-interventora do Concello de Catoira

Suplente: Rosario Ríos Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois

Vogais:

Titular: Severino Abalo Chouza, técnico de Administración Xeral do Concello de Boiro

Suplente: Marta Oviedo Creo, Tesoureira do Concello de Boiro

Titular: María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade

Suplente: Begoña Collazo Ortega, interventora do Concello de Rois

Titular: Ignacio Soto González, arquitecto do Concello de Teo.

Suplente: Leopoldo Moure Dopico, interventor do Concello de Silleda

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro

Suplente: Ana María Ares Álvarez, secretaria do Concello de Padrón

**Terceiro.-** Convocar ao Tribunal Cualificador para a súa constitución e posterior baremación dos méritos, o día 05/10/2023, ás 13:00 horas, no Concello de Dodro (Tallós s/n, Dodro).

**Cuarto.-** Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Dodro.

**Quinto.-** Notificar a presente resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF."

**SEGUNDO.-** Que se publique anuncio da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Dodro.

**TERCEIRO.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión plenaria.

*Dodro, na data da sinatura electrónica*

*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*

*A secretaria-interventora, que da fe*